

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA) ,
Nº 1/2012, DE CARÁCTER ORDINARIO , REALIZADA O 24 DE FEBREIRO DE 2012.**

Salceda de Caselas, 24 de febreiro de 2012

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (BNG)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

(Abandonan a sesión todos/as eles/as ás 20.11 horas)

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, José (PP)

GÓMEZ GONZÁLEZ, Fernando (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

PEREIRA IGLESIAS, Emma (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Fortunato (BNG)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (BNG)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (BNG)

LORENZO GONZÁLEZ, Cándido (BNG)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (BNG)

Grupo municipal mixto

CABALEIRO FERNÁNDEZ, Marina (PsdeG-PSOE)

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTEN

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

(Non xustifica a súa inasistencia)

Interventora do Concello

Elisa Marqués Parrilla

HORA DE INICIO: 20:04

HORA DE REMATE: 21:10

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20:04 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto de 17 de febreiro de 2012, segundo o acordo plenario de 7 de xullo de 2011 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar , no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación das actas das dúas sesións anteriores (sesións do mandato 2011-2015 nº 8/2011, ordinaria, de 23 de decembro, e nº 10/2011, extraordinaria e urxente, de 26 de decembro de 2011).

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 2.- Dación de conta de decretos da Alcaldía.
- 3.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 4.- Rogos e preguntas.

Con carácter previo ao inicio do tratamento dos asuntos incluídos na orde do día da sesión, o Señor Alcalde explica que proporá á introdución por urxencia dun novo punto, para a dación de conta dos informes da morosidade da Tesouraría e da Intervención, correspondentes ao 3º e 4º trimestres de 2011 (así coma á rectificación dos informes de Intervención e Tesouraría correspondentes respectivamente ao 2º e 3º trimestres de 2011).

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da súa proposta, esta é aceptada por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros dos grupos municipais do BNG e mixto fronte a cinco votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, polo que se pasará ao seu tratamento despois do punto segundo da orde do día da sesión.

O señor Rodríguez Davila, voceiro do grupo municipal do PP, para explicar o sentido do voto do seu grupo, expón que se enteiraron agora da existencia deses informes e que non tiveron antes acceso a eles. Manifesta que lle parece intolerable que nesta sesión non haxa nin unha soa proposta do equipo de goberno, e que só se vaian tratar os catro puntos a que obriga a lei cada dous meses. Engade que, dado que saben que haberá que convocar proximamente outra sesión para aprobar a Conta Xeral, o lóxico sería ter falado para unir os dous plenos en lugar de malgastar fondos, e que o seu grupo vai renunciar a cobrar asistencias por esta sesión. Coida que é froito da incompetencia do goberno municipal que non haxa ningún punto para tratar neste pleno, e que deben de estar bastante despistados por estaren máis atentos a outros asuntos, e critica que, segundo el, a Conta Xeral se remitiu sen pasar pola comisión, sen exposición pública e sen levala ao Pleno; que ultimamente se recibiron sentenzas para pagar uns 28.000 euros máis xuros por un contrato de elaboración do PXOM, e para voltar pagar a dous traballadores o que faltaba por abonarlles, e que o ano pasado non se fixo orzamento e o deste aínda non está en proxecto, Considera que son cuestións moi lamentables e indica que, en repulsa por tal actitude se levantarán da sesión, pois se manifesta en contra de que se paguen asistencias a persoas que non son capaces de traer ningún asunto ao Pleno, e queren expresar así a súa repulsa contra este xeito de gobernar. Engade que o equipo de goberno enviou a conta xeral ao Consello de Contas o 31 de xaneiro sen aprobar "*para ver se colaba*" a efectos da obtención de subvencións da Xunta.

(Ás 20.11 horas abandonan a sesión os/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP que asistiran a ela: Fernández González, José; Gómez González, Fernando; Núñez Troncoso, Joaquín; Pereira Iglesias, Emma e Rodríguez Davila, Santiago).

O señor Alcalde explica que a Conta Xeral se levou á comisión especial de contas e que está en prazo de exposición pública. Manifesta que hai que ser demócratas e saber que prazos rexen segundo a normativa, e que os/as compoñentes do grupo municipal do PP faltan ao respecto ao público e ao pobo de Salceda.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS DÚAS SESIÓNS ANTERIORES (SESIÓNS DO MANDATO 2011-2015 Nº 8/2011, ORDINARIA, DE 23 DE DECEMBRO, E Nº 10/2011, EXTRAORDINARIA E URXENTE, DE 26 DE DECEMBRO DE 2011).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o Señor Presidente pregunta se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das dúas sesións anteriores, 8/2011, ordinaria, de 23 de decembro de 2011 e 10/2011, extraordinaria e urxente, de 26 de decembro de 2011.

Non existindo observacións, sométense a votación, e as actas son aprobadas por unanimidade dos/as asistentes a esta sesión presentes na sesión referida.

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O señor Alcalde manifesta o seu lamento por que non estean na sesión os/as concelleiros/as do PP, e a súa estrañeza por que non saiban despois de teren gobernado durante 32 anos, que o Pleno é un órgano máis do Concello , e que a meirande parte do traballo que fan os funcionarios día a día se vai aprobando por decreto de Alcaldía ou pola Xunta de Goberno Local, como lles facultou o Pleno, ao que só veñen os asuntos de "*certa enxundia*".

Deste xeito, o señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados por el entre o 21 de decembro de 2011 (con posterioridade á convocatoria da sesión plenaria ordinaria anterior) e o 17 de febreiro de 2012 (até a convocatoria da presente sesión plenaria) (todo elo sen prexuízo dos intercalados noutras datas por teren sido preparados polo ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, segundo as competencias delegadas nel, e non ter o Concello coñecemento deles até datas posteriores á que figura neles), dos que se deu conta ao Pleno xunto cos informes de Intervención e reparos, no seu caso, emitidos en relación a aqueles.

Nº	DATA	ASUNTO
425-Bis	19/12/2011	Resolución alegacións presentas por B Y M FONTANEROS CB a expt. Sancionador tráfico
425-Ter	19/12/2011	Resolución recurso interporto por Silvia Bernardo Edson Luiz a expt. Sancionador Tráfico.
427	21/12/2011	Inscripción Rexistro Municipal de Parellas de Feito, a Dª Tania Escudero e Domingo Lorenzo.
428	21/12/2012	Aprobación, recoñecemento obriga e pagamento nóminas e paga extraordinaria mes decembro 2011 e recoñecemento obriga e pagamento SS mes novembro 2011. Levantamento reparo 141/11 intervención.
429	21/12/2011	Inclusión programa camas articuladas a D. José Burgos Suárez.
429-Bis	22/12/2011	Inicio expedientes sancionadores en materia de tráfico.
429-Ter	22/12/2011	Inicio expedientes sancionadores en materia de tráfico, identificación conductor.
430	23/12/2011	Ordenación pagamento facturas relación 51. Levantamento reparo intervención EMP 143/2011.
431	23/12/2011	Recoñecemento obriga e pagamento Óscar Freaza Rodríguez, execución sentenza firme de 22 de outubro de 2011 dictada polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo.
432	23/12/2011	Convocatoria sesión nº 9/2011(mandato 2011-2015) extradordinaria e urxente do Pleno, para o día 26-12-2012.
433	22/12/2011	Modificación do orzamento para 2011, prorrogado de 2010, nº 25/2011
434	26/12/2011	Desconvocatoria da sesión 9/2011 e nova convocatoria de sesión extraordinaria urxente do Pleno para o día 26 -12-2012, ás 9:30 horas. (AM)
435	26/12/2011	Recoñecemento da obra indemnizacións por asistencia a órganos colexiados membros da Corporación desde o 1 de maio ata o 16 de novembro de 2011.
436	26/12/2011	Achega plan de pensións persoal do Concello 2º semestre 2011. Levantamento reparo intervención EMP 148/11.
437	28/12/2011	Nomeamento Interventora e Tesoureira accidentais do Concello, durante o día 29-12-2011.
438	29/12/2011	Convocatoria da sesión da Xunta de Goberno Local , nº 11/2011 a celebrar o 30-12-2011.
439	30/12/2011	Designación Secretario e Interventor accidental a D. Emilio Núñez Troncoso, durante o 2-01-2012.
440	30/12/2011	Prórroga para 2012 do orzamento xeral do Concello de 2010, prorrogado para 2011.
441	30/12/2011	Xustificación nº 5 do anticipo de caixa fixa 2011 (aprobación e cancelación).
442	30/12/2011	Altas e baixas padron habitantes entre o 30 de novembro e o 30 de decembro de 2011.
443	30/12/2011	Xustificación de pagamento a xustificar 1/2011.
444	30/12/2011	Recoñecemento da obriga indemnizacións por asistencia a órganos colexiados membros da Corporación (20-12 a 30-12-2011).
445	30/12/2011	Recoñecemento obriga relacións 26/2011 e 28/2011. Levantamento reparo intervención EMP 155/2011.
446	30/12/2012	Recoñecemento obriga das subvencións nominativas de Benestar Social, Cultura, Ensino e Deportivas do ano 2011. Levantamento reparo intervención nº EMP 156/2011.
447	30/12/2012	Recoñecemento obriga dúas emerxencias sociais de 2011. Levantamento reparo intervención EMP 157/2011.
1	3/01/2012	Inclusión programa Xantar na Casa a Dª Inés Estévez Castiñeira.
1-Bis	4/01/2012	Resolución expedientes sancionadores en materia de tráfico.
2	5/01/2012	Designación de Secretario accidental para os días 9 e 10 e Interventor accidental para os días 9 e 13 de xaneiro de 2012, ao funcionario D. Emilio Núñez Troncoso.
3	5/01/2012	Constitución de anticipo de caixa fixa 1/2012.
3-Bis	5/01/2012	Resolución alegacións presentadas por Amelia Costas Alonso a expediente sancionador tráfico.
3-Ter	9/01/2012	Resolución alegacións presentadas por Mª Dolores Ojea Troncoso a expt. Sancionador tráfico.
3-Quater	10/01/2012	Inicio expedientes sancionadores en materia de tráfico.
3-Quinquies	11/01/2012	Incoación procedementos sancionadores en materia de tráfico.
4	12/01/2012	Autorización a D. Santiago Rodríguez Davila consulta libro rexistro dende 19-12-2011.
5	16/01/2012	Convocatoria sesión nº 1/2012 da Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda, para o día 3-02-2012.
6	17/01/2012	Endoso facturas da empresa "Coruñesa de Ahorro Energético, S.L."

6-Bis	17/01/2012	Prescripción expedientes sancionadores en materia de tráfico.
6-Ter	17/01/2012	Resolución recurso potestativo de reposición interposto por D. Eduardo Gomez en expt. Sancionador en materia de tráfico.
6-Quater	17/01/2012	Incoación expedientes sancionadores en materia de tráfico.
7	18/01/2012	Convocatoria sesión nº 1/2012 da Xunta de Goberno Local para o día 19-01-2012.
8	19/01/2012	Ordenación pagamento IRPF (modelos 111 e 115) correspondentes ao 4º trimestre de 2011. Levantamento reparo intervención nº EMP 3/2012.
9	19/01/2012	Resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística incoado a D. Manuel Barros Pérez.
9-Bis	19/01/2012	Resolución expedientes sancionadores en materia de tráfico, imposición sancións.
10	20/01/2012	Modificación da prestación do servizo de axuda no fogar do beneficiario D. Ramiro Coto Lemos.
11	20/01/2012	Ordenación de pagamento a Augas de Galicia do canon de saneamento do 2º trimestre 2011.
12	24/01/2012	Inicio expediente devolución ingresos indebidos a instancia de D. Antonio Calzas Blázquez.
12-Bis	24/01/2012	Incoación procedementos sancionadores en materia de tráfico.
13	25/01/2012	Devolución garantía definitiva do servizo "Contrato mantemento ETAP-EDAR". Reparación intervención EMP 5/2012.
14	25/01/2012	Devolución fianza garantía acondicionamento viario para construción vivenda en Ascensión-Entenza, solicitada por D. Ruben Fraimán Díaz.
15	25/01/2012	Devolución fianza garantía acondicionamento viario para construción vivenda en Ascensión-Entenza, solicitada por D. Fernando Videira López.
16	25/01/2012	Delegación na Concellería Dª Maria Teresa Pérez González da atribución para autorización de matrimonio civil, a celebrar o 18 de marzo de 2012.
17	25/01/2012	Modificación da prestación do servizo de axuda no fogar do beneficiario Dª Josefina Oliveira Pazo.
18	25/01/2012	Inclusión no programa camas articuladas a D. Rosendo Cortiñas Sanjuan.
19	26/01/2012	Pagamento ao Concello de Salvaterra de Miño por subministración de auga. Levantamento reparo intervención EMP 10/2012.
20	26/01/2012	Aprobación das do XIV Concurso de carrozas e comparsas de Entroido.
21	27/01/2012	Outorgamento tarxeta de armas de aire comprimido a D. Carlos Pereira González.
22	27/01/2012	Modificación Orzamento Xeral do Concello prorrogado para 2012 (1/2012), incorporación remanentes.
23	27/01/2012	Ordenación pagamento relación 1/2012. Levantamento reparo intervención nº EMP 13/2012.
24	30/01/2012	Recoñecemento obriga e pagamento relación facturas nº 1/2012. Levantamento reparo intervención nº EMP 14/2012.
25	30/01/2012	Presentación autoliquidación IVE 4º trimestre 2011 e resumos anuais IRPF e IVE. Levantamento reparo intervención nº EMP 15/2011.
26	30/01/2012	Relación de altas e baixas efectuadas no Padrón de Habitantes entre o 31-12-2011 e 30-01-2012.
27	30/01/2012	Recoñecemento obriga e pagamento nominas persoal Concello mes Xaneiro 2012 e recoñecemento S.S cargo Concello e pagamento S.S mes decembro 2011. Levantamento reparo intervención EMP 16/12.
28	30/01/2012	Recoñecemento obriga relación facturas nº 29/2011. Levantamento reparo intervención nº 17/2012.
29	31/01/2012	Designación Secretario accidental do Concello a D. Emilio Núñez Troncoso, para o día 1-02-2012.
30	31/01/2012	Inclusión programas camas articuladas, a Dª Enriqueta Nogueiras Lorenzo.
31	31/01/2012	Corección erro material decreto 433/2011 de 23 de decembro de 2011, polo que se aprobou o expediente de modificación orzamentaria 25/2011.
32	1/02/2012	Ordenación pagamentos relación nº 2. Levantamento reparo EMP 18/2012.
33	3/02/2012	Convocatoria sesión nº 2/2012 da XGL para o día 6 de febreiro de 2012.
34	3/02/2012	Nova realización transferencias bancarias por devolución.
34-Bis	3/02/2012	Resolución recurso reposición interposto por Dª Mª Belén Fernández Pérez, a expt. Sancionador en materia de tráfico.
34-Ter	3/02/2012	Resolución alegacións presentadas por D. José Ramón Rodríguez Pedrares a expt. Sancionador en materia de tráfico.
35	6/02/2012	Solicitud subvención a Consellería Presidencia, AAPP e Xustiza, para "Mellora e adecuación de infraestruturas de uso público: Creación de paseo e ampliación da zona infantil en Parque Raíña Arangonta".
36	6/02/2012	Ordenación pagamento relación transferencia 3/2012. Levantamento reparo intervención EMP 22/2012.
37	10/02/2012	Autorización a D. Santiago Rodríguez Davila consulta libro rexistro dende 12-11-2012.
38	10/02/2012	Ordenación pagamento subvencións nominativas 2011. Levantamento reparo intervención EMP 24/2012.
39	10/02/2012	Solicitud a Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza – Secretaría Xeral de Igualdade, axudas do programa de Promoción da Igualdade e Prevención e Tratamento integral da violencia de

		xénero.
40	14/02/2012	Inscripción Rexistro de Unións de Feito a parella formada por D ^a M ^a Luz Martínez Oya e D. Manuel Estévez Suárez.
41	16/02/2012	Recoñecemento obriga e pagamento paga extraordinaria GRUMIR xuño 2011. Levantamento reparo intervención EMP 25/12.
42	16/02/2012	Modificación bases premios para o XIV Concurso de Carrozas e Comparsas de Entroido.
43	16/02/2012	Convocatoria sesión nº 3/2012 da Xunta de Goberno Local para o día 17-02-2012.
44	16/02/2012	Orde de execución de reparación da fachada e cuberta de edificio sito na R/. V.P. Vidal, nº 1.
45	17/02/2012	Convocatoria sesión nº 1/2012 do Pleno para o día 24-02-2012.

2.bis.- (Incluído na orde do día por urxencia) -DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DA TESOURARÍA DO CONCELLO DE 15 E 23 DE FEBREIRO DE 2011 E DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO 29, 30 E 31/2012, DE 16 DE FEBREIRO DE 2012, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO CUARTO. 3 E 4 DA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

De acordo co establecido no artigo cuarto. 3 e 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, segundo o cal

“(…)3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.(…)”.

O Señor Alcalde dá conta ao Pleno do Concello dos informes da Tesouraría do Concello de 15 (4º trimestre de 2011) e 23 de febreiro de 2012 (rectificación do emitido o 8 de novembro de 2011, relativo ao 3º trimestre dese ano, do que se deu conta ao Pleno na sesión de 11 de novembro de 2011) e da Intervención do Concello EMP 29, 30 e 31/2012, de 16 de febreiro de 2012 (respectivamente relativos ao 3º e 4º trimestres de 2011, e rectificativo do EMP 94/2011, de 24 de outubro de 2011, relativo ao 2º trimestre dese ano, do que se deu conta ao Pleno na sesión de 11 de novembro de 2011).

O señor Alcalde explica que este é un punto obrigatorio do Pleno, para dar conta da evolución da morosidade en cada trimestre. Expón que, en relación ao 2º e 3º trimestre de 2011 houbo unha rectificación por un problema informático, e que despois do 31 de marzo de 2012 se dará conta do informe correspondente ao 1º trimestre de 2012. Explica asemade que as dacións de conta non son obxecto de debate, e que neste caso se trata dun traballo administrativo, técnico-xurídico, polo que non ten maior valor incluílos por urxencia na orde do día.

3.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

3.1- Moción do grupo municipal do BNG contra a privatización e suba de tarifas das escolas infantís pertencentes á Xunta de Galicia.

Logo de someter o Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción presentada *in voce*, esta acéptase por unanimidade dos/as sete Concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu debate.

O señor Álvarez González, voceiro do grupo municipal do BNG dá lectura íntegra á moción como segue:

“MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALIZA **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Exemplo desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, e a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo.

Coa privatización desmantélese un servizo público para favorecer que determinadas empresas fagan negocio co ensino, afecta á necesaria corresponsabilidade entre homes e mulleres e tamén á conciliación da vida laboral e familiar, reducindo a calidade educativa nas escolas infantís e empeorando as condicións de traballo e o acceso en igualdade de condicións do persoal laboral que presta servizos nas mesmas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.**
- 2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.**

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2012

”.

A señora Cabaleiro Fernández, voceira do grupo municipal mixto, manifesta que está de acordo co primeiro punto da moción (paralización dos procesos de privatización das escolas infantís), mais que considera que sería bo engadir a proposta dun incremento do número de prazas públicas onde sexa preciso para mellorar na conciliación da vida laboral e familiar. Porén, manifesta a súa discrepancia co segundo punto da moción, pois, se ben non está de acordo con que se incrementen as tarifas de súpeto, si cre que se deben axeitar aos custes ano a ano. Por iso, manifesta que non apoiará a moción, senón que se absterá.

Logo de sometela a votación, a moción é aprobada polo Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG e a abstención da señora concelleira do grupo mixto, adoptando os seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.**
- 2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.**

3.2- Moción conxunta dos grupos municipais do BNG e mixto de apoio á iniciativa legislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galiza.

Logo de someter o Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción presentada *in voce*, esta acéptase por unanimidade dos/as sete Concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu debate.

A señora Castiñeira Alén, concelleira de turismo, comercio, consumo, sanidade, abastecemento de auga e mocidade manifesta que pide desculpas, xa que non o fixeron os/as membros do PP, pois considera que a veciñanza non ten por que presenciar este tipo de espectáculos e actitudes, e le a moción integramente como segue:

"MOCIÓN DE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galicia, o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatible co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galicia, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO- *Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Legislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galicia.*

SEGUNDO- *Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.*

TERCEIRO- *Instar á Xunta de Galicia e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia*

Salceda de Caselas, 24 de febreiro de 2012"

O señor Álvarez González, voceiro do grupo municipal do BNG considera que se debe incidir nesta moción pois, na súa opinión, é de suma importancia manter a sanidade pública e gratuíta coma a que ten agora España, pois é un pilar

do benestar. Coida que se está a realizar unha campaña para desprestixiar o sistema de sanidade público e para facer negocio con iso, a pesares de que o sistema sanitario en España é prezado en todo o mundo polo seu carácter equitativo e pola súa fama. Considera, porén, que os ataques á sanidade pública son maiores naquelas Comunidades autónomas que goberna o PP, coma Madrid ou Valencia, e que nelas se está a facer unha campaña para a súa privatización, tentando convencer á opinión pública das deficiencias do sistema público coma desculpa dos neoconservadores e neoliberais para levar adiante a súa política privatizadora, poñendo por diante o aforro e non a calidade. Lembra que a xestión privada da sanidade xa foi ensaiada no Reino Unido, e que alí se demostrou que encarecía a xestión dos hospitais catro ou cinco veces, ao subir os gastos administrativos, e cunhas maiores deficiencias no coidado dos doentes, segundo a Organización Mundial da Saúde. Coida que os grandes perdedores dese modelo son os cidadáns, pois baixa a calidade e suben os custos, de modo que teñen que pagar os máis pobres e máis enfermos e os excluídos, coma nos Estados Unidos, onde 47 millóns de persoas non teñen ningún dereito sanitario a pesares de que o país é o que realiza o maior gasto no mundo nesa materia. Opina que a falla de interese na sanidade e o incremento das listas de espera é un primeiro paso na estratexia para acadar que a protección da saúde non sexa un dereito de todos, senón un privilexio para os que poidan pagalo, semellante ao antigo sistema de beneficencia. Por todo iso, manifesta que o seu grupo considera que cómpre salvar o actual sistema de sanidade e mobilizarse na súa defensa, para que non se faga negocio coa saúde de todos, polo que anuncia o voto favorable do seu grupo á moción.

A señora Cabaleiro Fernández, voceira do grupo municipal mixto, reitera que é unha mágoa que os membros do grupo municipal do PP abandoasen a sesión, pois considero que deberían ouvir que non é de recibo que o goberno do seu partido, logo de tomar posesión, estea a realizar recortes nas áreas básicas da sanidade e da educación para as persoas con menores recursos. Coida que, para manter unha sociedade digna, non se pode chegar a extremos coma o que denomina a *"tarxeta sanitaria de pobre"*, que conleva un maior gasto ao solicitala para os que se lles esgotaron todas as axudas e non conviven con ninguén, mentres até agora non tiñan que pedir e, por tanto, non incorrían nese gasto. Lembra que xa había recortes da Xunta de Galicia e que agora tamén está a facelos o Estado, polo que cómpre defender con moita forza os servizos de sanidade e educación que tanto custou acadar. Indica que o PSOE será perseverante nesa defensa para manter os piares básicos da sociedade, polo que anuncia o seu voto a favor da moción.

Logo de someter a votación a moción, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as sete señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e mixto presentes na sesión, apróbaa, e adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á iniciativa legislativa popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galicia.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galicia e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia.

3.3- Moción conxunta dos grupos municipais do BNG e mixto relativa ao Día Internacional das Mulleres (8 de marzo de 2012).

Logo de someter o Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción presentada *in voce*, esta acéptase por unanimidade dos/as sete Concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu debate.

A señora Cabaleiro Fernández, concelleira de benestar, deportes, voluntariado, igualdade, formación e emprego, e voceira do grupo municipal mixto, le a moción integramente como segue:

"MOCIÓN POLO 8 DE MARZO DE 2012, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a

tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galicia renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, queremos facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que dismantellará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde temos presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Polo o exposto, o grupo municipais do BNG e PSdeG-PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.-O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

2.-Pedirle á Xunta de Galicia que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.

3.-Demandar do Goberno da Xunta de Galicia o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

4.-O Concello apoiará as mobilizacións reivindicativas dos dereitos das mulleres que s convoquen con motivo do Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

5.-Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Salceda de Caselas a, 24 de febreiro de 2012"

A señora Pérez González, concelleira de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística e ensino, manifesta en nome do grupo municipal do BNG que este tipo de mocións é importante e que nesta se recolle a postura do seu grupo. Coida que o papel e a situación da muller vai mellorando aos poucos, mais que agora chegan golpes, recortes e voltas atrás fronte a cuestións superadas despois de tanto esforzo e loita ao longo de toda a Historia. Expón que oxalá chegue a desaparecer o Día Internacional da Muller porque non teña sentido, mais considera que a día de hoxe é un recoñecemento necesario e unha forma de defender os seus dereitos e a súa igualdade, pois non piden estar por riba dos homes, senón a igualdade con eles. Reitera que oxalá cheguen a perder o seu sentido tantos "días de...", mais coida que, mentres tanto, o esforzo das Administracións Públicas contra a desigualdade das mulleres e das clases máis desfavorecidas está ben empregado. Por todo iso, anuncia o voto favorable do seu grupo á aprobación da moción.

Logo de someter a votación a moción, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as sete señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e mixto presentes na sesión, apróbaa, e adopta os seguintes acordos:

1.-O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

2.-Pedirle á Xunta de Galicia que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.

3.-Demandar do Goberno da Xunta de Galicia o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

4.-O Concello apoiará as mobilizacións reivindicativas dos dereitos das mulleres que s convoquen con motivo do Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuantes en Galiza.

5.-Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

3.4- Moción conxunta dos grupos municipais do BNG e mixto de rexeitamento da reforma laboral aprobada polo Goberno de España.

Logo de someter o Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción presentada *in voce*, esta acéptase por unanimidade dos/as sete Concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu debate.

A señora Cabaleiro Fernández, concelleira de benestar, deportes, voluntariado, igualdade, formación e emprego, e voceira do grupo municipal mixto, le a moción integramente como segue:

“MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenés máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.*
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.*
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacions de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.*
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.*
- Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores”, mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.*
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.*

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

- Proceder á derogación de dita norma.
- Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia.

Salceda de Caselas, 24 de febreiro de 2012".

O señor Álvarez González, voceiro do grupo municipal do BNG, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, pois a reforma laboral "expres" só foi acordada coa parte empresarial. Indica que non está de acordo co abaratamento do despedimento dos traballadores, coa posibilidade de modificar as condicións de traballo de xeito "salvaxe", coa contratación por emprendedores que durante tres anos poden despedir a quen queiran, ou co feito de que se poidan pagar horas extraordinarias ás persoas contratadas a tempo parcial porque saen máis baratas (o que é unha paradoxa). Coida que a reforma non ten nin pés nin cabeza e que, se ben a situación actual require medidas para axilizar o emprego, coa reforma aprobada só se "mete en cintura" ao traballador, e non se fai nada para que os bancos, que son os responsables da crise, fagan que flúa o crédito, mentres se retiran recursos dos traballadores, o que é unha contradición co que o PP dixo durante a campaña electoral. Por todo iso, anuncia o voto favorable do seu grupo á aprobación da moción.

Logo de someter a votación a moción, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as sete señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e mixto presentes na sesión, apróbaa, e adopta os seguintes acordos:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

- Proceder á derogación de dita norma.
- Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Ningún grupo municipal desexa formular rogos ou preguntas.

Porén, o señor Álvarez González, voceiro do grupo municipal do BNG, pede a palabra para amosar a súa sorpresa pola actitude dos membros do grupo municipal do PP que, na súa opinión, "raia a falla de educación". Considera que non se pode facer a "perorata" e expoñer a "sarta de mentiras" a que nos ten acostumados. Indica que é falso o que dixo de que se teña mandado a conta xeral ao Consello de Contas sen pasar pola comisión especial de contas, e que só falta que remate o prazo de exposición pública e a aprobación polo Pleno en canto rematen os prazos. Reitera que non existen problemas para declarar a urxencia da dación de contas dos informes da morosidade, pois é un tema administrativo non debatible. Indica que o PP no Porriño aprobou os orzamentos do ano pasado nun pleno por urxencia e que, o que para alí lles valía, aquí non lles vale. Considera que o representante do PP "minte coma un cosaco" e que aínda saíu estes días na prensa cunha "sarta de mentiras". Lembra que propuxera que non se cobrasen as asistencias á última sesión extraordinaria do Pleno e que, aínda que o PP dixo que lles contestaría a iso por escrito, a día de hoxe aínda non renunciaron, mentres que os membros do grupo do BNG si o fixeron. En relación a esta sesión, considera que "só faltaría que quixesen cobrar este Pleno", pois se non veñen traballar, o que faltaba era que cobrasen. Explica que non se trouxo ningún punto á parte resolutive da sesión porque a meirande parte das atribucións son da Xunta de Goberno Local e do Alcalde, mais que a sesión se había de convocar por imperativo legal, para someténdose ao control da oposición. Por

último, lamenta a súa actitude coma representantes públicos, pois parece que non teñen nada que controlar ou que dicir.

O señor González Rodríguez, concelleiro de Facenda, manifesta que na orde do día da sesión constan os puntos establecidos legalmente, e lembra que o ano pasado rematou con dúas sesións plenarias (unha con oito puntos na orde do día e outra con dous), e que o Concello de Ponteareas, con catro veces máis de poboación que Salceda, realizou onte unha sesión do Pleno coa mesma orde do día ca esta. En canto á tramitación da Conta xeral, quere clarexar que nunca carta recibida o 13 de febreiro, o Consello de Contas indicaba que recibira a conta remitida e que, logo de examinala e de facer as comprobacións oportunas, comunicou a existencia dunha serie de incidencias e outorgou ao Concello un prazo de 15 días para emendalas, de xeito que se pode comprobar que a conta se remitiu aos efectos do establecido no artigo 4 do Decreto de subvencións da Xunta, que esixe a "remisión" das contas ao Consello de Contas. Por iso, entende que o que dixo o voceiro do PP non é certo, e que se pode comprobar na páxina web do Consello de Contas, na que figura a situación da de salceda de Caselas coma "presentada con deficiencias" (coma as doutros concellos coma os de Baiona, Ponteareas, Cangas, Portas ou outros). Indica que non sabe se o que se quere é crear alarma, mais explica que a comisión informativa se realizou, que a conta está en exposición pública, e que espera que a mediados de marzo poida estar a Conta Xeral aprobada e as súas deficiencias emendadas.

O señor Lorenzo González, pola súa banda, amosa o seu desacordo coa actitude do grupo municipal do PP, que considera de falla de respecto e democracia. Manifesta que, coma demócrata, considera que escapar do debate público é un espectáculo lamentable.

Por último, o señor Alcalde manifesta que, na súa opinión, esta actitude deriva do feito de que o PP non tería asumido o resultado electoral, pois aínda seguen a dicir que perderon nos despachos a Alcaldía que gañaran nas urnas. Considera que a maioría que sustenta o seu goberno traballa para amañar os problemas que eles deixaran. Reitera, asemade, que esta sesión do Pleno é obrigatoria para que a oposición faga control ao goberno, e que iso é un dereito legal para a oposición e para os veciños. Explica que, mentres el estivo na oposición entre 1999 e 2007, o Alcalde anterior convocaba plenos extraordinarios para temas de mero trámite, mentres o ano pasado houbo 18 sesións de pleno (6 ordinarias, e dúas ou tres delas polas eleccións), polo que considera que non é esaxerado realizar unha media de 1,5 sesións ao mes, o que é axeitado ás competencias que ten o Pleno, pois as do alcalde e a xunta de Goberno local axilizan a xestión, ao non ter que esperar polas decisións plenarias. Indica que se está a traballar nos saneamentos de Santo Estevo de Budiño e Soutelo e no seu enganche co Porriño; que se outorgou licenza a Gas Natural para a gasificación de salceda; que proximamente darán licenza para a instalación de fibra óptica por R, licitarán a obra da Senda do Caselas, esperan a recepción dos fondos do Goberno central para a obra da praza da Devesa, están a executar os enganches do saneamento e a modificación do planeamento no Cerquido para a dotación de solo industrial. Así, coida que é claro que están a traballar, e explica que moitos destes temas viñeron ao Pleno e outros non porque non son da súa competencia. Lembra que entre 1999 e 2007, mentres estaba na oposición, nunca se levantou da mesa, a pesares de que o PP lles negaba información, e agora teñen información puntual de todo o que entra e sae polo rexistro, e unha auxiliar administrativa que lles fai chegar copias de todos os expedientes que solicitan, mentres eles tiveron que pecharse unha noite no Concello para que lles desen información. Por todo iso, considera que, a pesares de teren toda a información do mundo, o problema de fondo do PP é que non asumiron o resultado das eleccións, e daí o desprezo que amosaron aos cidadáns, pois teñen a obriga de defender os intereses de todos os veciños. Manifesta que espera que non se repita, pois teñen a obriga legal de controlaren ao goberno e os plenos ordinarios convócanse para iso. Reitera que hai que ser demócratas e saber gañar e perder, e que o PP ten agora unha grande responsabilidade, pois dirixe a maioría das Administracións Públicas, polo que non pode faltar ao respecto, e debe actuar poñendo os intereses de Salceda por enriba de todo e non por caprichos. Así, fai o rogo de que non volte suceder o acontecido nesta sesión, pois farían un fraco favor á democracia, aos seus dereitos, e aos intereses comúns da veciñanza que hai que defender perante as Administracións Públicas gobernadas polo PP. Lamenta, por outra banda, pois o considera moi negativo, que se instale a mentira no discurso do PP, e espera que non sexa reflexo do seu bloqueo, senón só unha influencia da semana do Entroido. Así, reitera que espera que asuman a súa responsabilidade e que non se repita a situación. Por último, anuncia que seguramente haberá unha sesión plenaria extraordinaria en marzo para a aprobación da Conta Xeral e para outros temas, e repite que opina que a cifra de 18 sesións plenarias nun ano non constitúe un abuso dos plenos extraordinarios coma o que si fixo o PP cando gobernaba.

Non habendo máis temas que tratar, ás 21 horas e 10 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trece páxinas numeradas do un ao trece, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DO CONCELLO

Marcos David Besada Pérez

Diego García Doval